

A cultura como dimensión do (non)compartible: carga cultural compartida nas expresións relacionadas con gastronomismos en portugués de Brasil e en francés de Francia¹

Culture as a dimension of the (non-)shareable: shared cultural load in expressions related to gastronomisms in Brazilian Portuguese and French from France

Mariele Seco

Universidade Estadual Paulista «Júlio de Mesquita Filho» (Brasil)
ORCID: 0000-0003-1577-8010
mariele.seco@unesp.br

Maria Cristina Parreira

Universidade Estadual Paulista «Júlio de Mesquita Filho» (Brasil)
ORCID: 0000-0002-8053-5413
cristina.parreira@unesp.br

Maria Angélica Deângeli Arni

Universidade Estadual Paulista «Júlio de Mesquita Filho» (Brasil)
ORCID: 0000-0002-5181-1634
angelica.deangeli@unesp.br

«Com» não pode estar meramente limitado a uma copresença em exterioridade, mas implica que o «co» dessa copresença estabelece por si mesmo o que se chama «partilha» – termo que designa uma divisão com comunicação, ou melhor, no domínio da comunicação: «partilhar uma comida» não é somente reparti-la em porções individuais, mas é, como também se diz, «comer juntos», ou seja, intercambiar algo do apaziguamento da fome e do prazer dos sabores.

(Jean-Luc Nancy, 2011, p. 6)²

¹ Data de recepción: 16.01.25. Data de aprobación: 23.10.25.

Tradución do portugués de Nuria García García (Universidade de Santiago de Compostela)

² Nancy (2011), tradución de Deângeli e Petry (2019, pp. 103-104).

Resumo: As prácticas lingüísticas e sociais dun pobo —as súas crenzas, coñecementos, actitudes, comportamentos e valores— están cristalizadas no léxico, especialmente na fraseoloxía dunha lingua. Ese conxunto de prácticas reflicte a cultura, entendida aquí non como algo fixo, senón como un fenómeno dinámico, en constante transformación (Ortiz Alvarez, 2019), mesmo entre falantes dunha mesma lingua. Ese dinamismo das linguas e culturas permite diversas abordaxes analíticas. Así, con base nos escritos de Galisson (1987, 1988, 2000), este traballo ten por obxectivo analizar as «cargas culturais compartidas» (CCP)³ e investigar as posibilidades de correspondencia interlingüística a partir do estudo de expresións idiomáticas relacionadas cos gastronomismos en portugués de Brasil e en francés de Francia. Como resultado, propomos unha perspectiva de análise que considera as estruturas das expresións idiomáticas correspondentes e as dimensións culturais que transmiten, reafirmando a importancia do coñecemento das CCP para unha mellor comprensión, non só da lingua, senón da cultura do outro.

Palabras clave: carga cultural compartida (CCP), expresións idiomáticas, gastronomismos, portugués de Brasil, francés de Francia.

Abstract: *The linguistic and social practices of a people — their beliefs, knowledge, attitudes, behaviours, and values — are crystallized in the lexicon, particularly in a language's phraseology. These practices reflect culture, understood here not as something fixed, but as a dynamic phenomenon in constant transformation (Ortiz Alvarez, 2019), even among speakers of the same language. The dynamic nature of languages and cultures allows for multiple analytical approaches. Based on the writings of Galisson (1987, 1988, 2000), this study aims to analyse «shared cultural loads» and explore the possibilities of interlinguistic correspondence through the study of idiomatic expressions related to gastronomisms in Brazilian Portuguese and French from France. As a result, we propose an analytical perspective that considers both the structural aspects of corresponding idiomatic expressions and the cultural dimensions they convey, reaffirming the importance of understanding shared cultural contents for a deeper comprehension not only of the language, but also of the other's culture.*

Key-Words: *shared cultural load, idiomatic expressions, gastronomisms, Brazilian Portuguese, French from France.*

1. Introducción

Na vida cotiá brasileira, non é raro atoparnos con enunciados constituídos por expresións idiomáticas que reflicten aspectos culturais específicos. Exemplos como «*Você viu aquele ator? Está parecendo um maracujá de gaveta!*» ou «*Ela é o próprio arroz de festa!*» ilustran ben este fenómeno. Estas expresións, que os falantes do portugués de Brasil adoitan comprender de inmediato, remiten, respectivamente, a un actor que envelleceu e presenta a pel bastante engurrada, de aí a comparación co maracuxá murcho, e a alguén que está presente en todas as festas. No segundo caso,

³ Nota da tradutora: Tal e como se expón no apartado 3 do artigo, as autoras optaron, na escrita orixinal en portugués deste traballo, polo termo «cargas culturais partilhadas» e non por outra posible opción como «cargas culturais compartilhadas» para manter así a sigla xa convencional CCP, correspondente a «charges culturelles partagées», establecida por Galisson (1988). En galego o verbo «partillar» non remite exactamente ao mesmo concepto, polo que optamos por traducir como «cargas culturais compartidas», aínda que mantivemos igualmente a sigla CCP.

a imaxe do «arroz de festa» está asociada a unha sobremesa tradicional brasileira, o *arroz-doce*, a cal é, aínda hoxe, bastante apreciada. En épocas pasadas, o prato era considerado un símbolo de distinción social, frecuentemente servido en festas e ceas, o que contribuíu á consolidación do seu valor simbólico. Moitos asocian aínda o uso da expresión ao feito de que o arroz é un alimento cotián, o que reforza a idea de presenza constante.

No entanto, podemos preguntarnos se un aprendiz de portugués sería capaz de comprender con facilidade o sentido deses enunciados, facendo as mesmas asociacións culturais que un falante brasileiro fai co *maracujá* e o *arroz(-doce)*. Estas diferenzas demostran o modo en que cada lingua mobiliza imaxes culturais propias para representar situacións universais, revelando que o sentido idiomático está ancorado en experiencias simbólicas e materiais distintas.

Desa forma, conséntase que tales situacións son frecuentes porque a lingua representa as prácticas socioculturais dun pobo, a súa visión do mundo, evidenciando as súas crenzas, coñecementos, actitudes, comportamentos e valores (Ortiz Alvarez, 2019). Eses elementos maniféstanse por medio da cristalización da experiencia colectiva no léxico, que, á súa vez, reflicte o medio e as particularidades de cada cultura.

Nese sentido, o léxico pode conter e transmitir informacións de natureza cultural, denominadas «cargas culturais compartidas» (CCP)⁴ (Galisson, 1988, 2000). As CCP corresponden a elementos simbólicos e referenciais propios dunha comunidade que, por seren tan específicos dun determinado grupo, poden carrexar dificultades na comprensión de enunciados e na aprendizaxe do léxico dunha lingua estranxeira. Nunha perspectiva intercultural, que busca aproximar e comparar dúas culturas co fin de salientar tanto as diferenzas como as semellanzas entre elas, este aspecto vólvese particularmente relevante (Galisson, 2000).

Así, aínda poderíamos preguntarnos: como traducir ao francés de Francia expresións como *maracujá de gaveta* e *arroz de festa*? Como tratar, na tradución, as cuestións pragmáticas e culturais que transmiten esas expresións? Os gastronomismos evocados nos exemplos remiten ás mesmas referencias na cultura francesa ou sería necesario recorrer a outros referentes que tornasen o enunciado máis comprensible e culturalmente pertinente?

Partindo destas interrogacións, este traballo ten como obxectivo analizar as «cargas culturais compartidas» (CCP) e as posibilidades de correspondencia interlingüística a partir do estudo de expresións idiomáticas relacionadas con gastronomismos (en adiante, EIG) en portugués de Brasil (PB) e en francés de Francia (FF). Así, a nosa proposta de análise céntrase na observación das expresións idiomáticas correspondentes nas súas dimensións estruturais e culturais, procurando comprender de que modo producen sentidos enraizados en contextos específicos e culturalmente marcados.

⁴ *Vid.* nota 3 (Nota da tradutora).

Cómpre mencionar que as EIG analizadas neste traballo foron seleccionadas a partir das investigacións de Seco (2017, 2024), que recompilou e investigou, nun primeiro momento, 111 EIG en PB e as súas posibilidades de correspondencia en FF e, posteriormente, 251 EIG en FF e as súas correspondentes en PB. Todas as expresións foron seleccionadas en obras lexicográficas e en *sites* especializados en idiomatismos e, posteriormente, a súa frecuencia de uso foi verificada pola autora, co fin de que fosen representativas da lingua no momento do estudo.

As EIG analizadas son estruturas compostas polo nome de, cando menos, un alimento, e a escolla deste eixe temático xustifícase polo feito de que as prácticas alimentarias representan as singularidades culturais dos pobos. Tal especificidade pode derivar de factores como a posición xeográfica, a relixión ou os acontecementos históricos que moldean cada sociedade, determinando non só a dispoñibilidade dos alimentos, senón tamén o que é social e culturalmente aceptable como comestible. Deste xeito, como parte esencial do cotián, os hábitos alimentarios vólvense produtivos na creación de fraseoloxismos como as expresións idiomáticas, revelando aspectos que poden (ou non) ser compartidos e, dese modo, comprendidos por outras culturas.

2. Léxico, cultura e identidade

De acordo con Aubert (2016), as linguas deben ser comprendidas como feitos culturais, pois conteñen e articulan un conxunto de comportamentos das comunidades que as falan. Constitúen un dos medios máis complexos de pensar, dicir e actuar sobre o mundo, tanto nas relacións internas dos grupos como nas interaccións entre diferentes comunidades. Así, a diversidade lingüística non se reduce a unha simple variación de sons e signos, senón que reflicte unha pluralidade de concepcións do mundo, cada unha delas construída e compartida segundo os valores e convencións de cada grupo social e da súa cultura (Cassirer, 1992).

Ao recoñecer esa relación intrínseca entre lingua e cultura, é necesario tamén aclarar as diferentes acepcións do termo «cultura». A distinción entre «cultura», con c minúsculo, e «Cultura», con C maiúsculo, remite, respectivamente, ás dimensións antropolóxica e humanista do concepto, permitindo comprender desde que perspectiva se establece esa relación.

Segundo Kramsch (2017, p. 141), Cultura con C maiúsculo ou «cultura C» corresponde a un concepto humanístico. Trátase do «produto da instrución canónica, adquirida na escola, sendo sinónimo dun coñecemento xeral da literatura e das artes»⁵ e, xa que logo, propio dunha clase media culta. É a «Cultura» promovida como patrimonio nacional e considerada de prestixio. Pola súa parte, a cultura con c minúsculo ou «cultura c» refírese á vida cotiá, ás formas de se comportar, alimentarse e vivir dos individuos dunha sociedade, así como aos seus hábitos, crenzas e valores, considerando todos os suxeitos, sen excepción.

⁵ Cita orixinal: «produto de um letramento canônico, adquirido na escola, sendo sinônimo de um conhecimento geral da literatura e das artes».

Baixo esta perspectiva, Parreira (2008, p. 2022) argumenta que a unidade lexical (UL) «cultura» «ten a súa orixe en *cultivar* (no sentido máis denotativo), pasa pola cultura como estado de lingua e chega á cultura como actitude do falante, os seus hábitos, costumes e suposicións, e á cultura como visión do mundo».⁶ Deste xeito, a concepción de cultura que se entrelaza coa lingua é a entendida no seu sentido antropolóxico, a «cultura c». Tal noción resulta da interacción entre diferentes pobos que, ao entraren en contacto con outra sociedade, reafirman a súa identidade colectiva.

Construída ao longo do percorrido histórico, a cultura de cada sociedade pasa por un continuo proceso de transformación e desenvolvemento, asumindo carácter hereditario na medida en que posibilita a transmisión da experiencia acumulada polas sucesivas xeracións que contribuíron e continúan a contribuir á formación desa sociedade (Laraia, 2009). Admítese, así, de acordo con Ortiz Álvarez (2019), que a cultura, do mesmo xeito que as linguas e as identidades, non constitúe algo fixo, determinado ou pechado, senón que se atopa en constante proceso de construción, sendo continuamente producida por suxeitos en interacción, inseridos nunha sociedade tamén dinámica. Tales mudanzas reflíctense, inevitablemente, no léxico e na constitución identitaria dos falantes.

Esa posición teórica achégase ao concepto de «cultura compartida» (*culture partagée*),⁷ proposto por Galisson (1988), que se relaciona coa vivencia cotiá dunha comunidade e orienta os seus comportamentos, hábitos e representacións. Segundo Galisson, a «cultura compartida» adquirese en calquera medio, a través das interaccións familiares, sociais e mediáticas; é a cultura exposta e imposta de maneira inconsciente, que define unha identidade colectiva e, dese xeito, compartida por todos os suxeitos dun grupo, sen excepcións, o que remite ao concepto de «cultura c» de Kramsch (2017).

Galisson (*op. cit.*) distingue o concepto de *culture partagée* da chamada *culture savante* ('cultura erudita'), isto é, a cultura baseada na arte e na literatura, que pode ser ensinada na escola ou transmitida por medio dos libros e que, polo tanto, se restrinxe a un grupo máis selecto dentro da comunidade. Esta concepción aseméllase á definición de «cultura C» proposta por Kramsch (2017).

A partir destas distincións, infírese que a *culture partagée* é de acceso máis difícil para unha persoa estranxeira, pois depende da vivencia nun determinado ambiente e das interaccións cotiás entre os individuos, situacións que non sempre se producen ou son posibles. En contrapartida, a *culture savante* pode atoparse en libros ou transmitirse por outros obxectos de coñecemento, o que a torna máis facilmente accesible, aínda que restrinxida a certos grupos sociais. Así, de acordo con Galisson (1988, 2000), o coñecemento da «cultura compartida» é primordial para comprender e ser comprendido en lingua estranxeira, xa que, sen ese saber, os interlocutores adoitan recorrer aos implícitos da súa propia cultura, o que non raramente resulta en malentendidos e incompreensións.

⁶ Cita orixinal: «Tem sua origem em *cultivar* (sentido mais denotativo), passa pela cultura enquanto estado de língua e chega à cultura enquanto atitude do falante, seus hábitos, costumes e subentendidos e à cultura enquanto visão do mundo».

⁷ Para a discusión no que respecta á tradución de *culture partagée* e, posteriormente, de *charge culturelle partagée* (CCP), véxase a sección 3 deste artigo.

Deste xeito, no que respecta ao repertorio lexical dunha lingua, podemos afirmar que o léxico está composto por UL que son máis ou menos marcadas culturalmente dependendo dos casos. As unidades consideradas máis marcadas tenden a ser máis «opacas», é dicir, de difícil dedución, sobre todo para persoas estranxeiras, posto que frecuentemente incorporan unha visión moi particular dunha sociedade. As consideradas menos marcadas, pola súa parte, son máis doadas de comprender, xa que se caracterizan por sentidos máis «estables».

Neste ámbito, especialmente cando se traballa con dúas ou máis linguas en contraste, convén o esforzo de tentar detectar no léxico os aspectos culturais particulares dunha ou doutra que poidan constituír desafíos para a comprensión. Para iso, apoiámonos no concepto de «lexicultura» (Galisson, 1987), entendido como a cultura transmitida *no* e *polo* léxico dunha lingua. Segundo Galisson (1987), é necesario rescatar, evidenciar e explicar esa dimensión cultural do léxico para que poida ser posta á disposición das persoas estudantes de lingua estranxeira que, por non compartiren os mesmos referentes culturais ca os falantes nativos, non activan espontaneamente ese contido.

O léxico pasa a ser entendido como lugar de coñecemento e recoñecemento de significados culturais existentes en UL culturalmente compartidas entre falantes nativos, mais que, por veces, como xa se mencionou, se revelan de difícil dedución para falantes doutras linguas pertencentes a outras culturas (Barbosa, 2008/2009). O uso constante dese léxico é o que o converte en depósito desa cultura compartida que, unha vez aceptada, engade novo valor ao contido semántico dunha UL, actuando, de acordo con Galisson (1988), como trazo de pertenza e identificación dun pobo.

Por conseguinte, Guillén Díaz (2003) sostén que a lexicultura remite a un conxunto de palabras e unidades lexicalizadas cun valor implícito, que corresponde á dimensión pragmática das palabras. A abordaxe lexicocultural é o produto da relación que os falantes establecen co léxico por medio do uso que del fan, o que resulta na expansión de sentido das UL, segundo tamén defende Barbosa (2008/2009). Ese novo valor, esa expansión de sentido das UL, é o que Galisson (1988, 2000) denomina *charge culturelle partagée* (CCP), isto é, «carga cultural compartida» (CCP), concepto que será abordado na seguinte sección.

3. O (non)compartible da CCP nos gastronomismos

Ao propoñer unha discusión sobre as *charges culturelles partagées* (CCP), aclaramos, de antemán, que optamos pola tradución do termo como «cargas culturais partilhadas» (cargas culturais compartidas) (CCP), en oposición a «cargas culturais compartilhadas» (cargas culturais compartidas) (CCP), co obxectivo de preservar a sigla xa convencional proposta por Galisson (1988)⁸ e considerar as dúas UL como sinónimas, tal como se pode observar no Cadro 1, nas definicións destacadas en letra grosa —na segunda de «compartilhar» e na cuarta de «partilhar»— do dicionario *Houaiss*:⁹

⁸ *Vid.* Nota 3 (Nota da tradutora).

⁹ Versión *online*: https://houaiss.uol.com.br/houaiss/apps/uol_www/v7-0/html/index.php#0.

Cadro 1. Definicións de «compartilhar» e «partilhar» do dicionario *Houaiss*.


Fonte: Elaborado polas autoras

compartilhar	partilhar
<p>verbo 1 t.d. e t.i. (prep.: <i>de</i>) ter ou tomar parte em; arcar juntamente <i>«c. (d)os temores públicos»</i> 2 bit. (prep.: com) compartir com, partilhar com <i>«c. os lucros com os empregados»</i></p>	<p>verbo 1 t.d.bit. (prep.: <i>com, entre, por</i>) fazer a partilha de <i>«p. uma herança (com os irmãos)»</i> 2 t.d.bit. (prep.: <i>entre, por</i>) dividir em partes; repartir, distribuir <i>«partilhou as roupas (entre os necessitados)»</i> 3 t.d.,t.i.bit. (prep.: <i>com, de</i>) <i>participar de; compartir, compartilhar</i> <i>«(d)as alegrias (com os amigos)»</i> 4 bit. (prep.: com) compartir com; compartilhar <i>«p. o carro com a filha»</i> <i>«p. o quarto com a irmã»</i></p>

As definicións das UL remiten a «compartir» que, segundo o dicionario Houaiss, indica «fazer parte de; participar, dividir, compartilhar». Así, a escolla polo termo «partilhada» corrobora a idea desa cultura que é practicada por todos os individuos dun grupo; (*com*) *partilhada* entre eles. Deste modo, a partir de agora tratamos das «cargas culturais partilhadas» (cargas culturais compartidas) pola súa sigla CCP, que corresponde ao novo valor engadido ao contido semántico dunha UL. Preséntase como o elemento que pode dificultar a comprensión do léxico por parte dos falantes estranxeiros, xa que non se trata dunha información tanxible e, xeralmente, non é accesible a eses falantes.

É importante salientar que a CCP non debe ser confundida co significado dunha UL. Así, un signo está composto por unha forma, o significante, e un dobre contido: significado e CCP (como se pode observar no exemplo de *abacaxi*, na Figura 1). O significado é resultado da semántica e, por iso, produto da relación signo-referente; é considerado o contido primeiro do significante. A CCP, pola súa banda, configúrase como o contido segundo do significante, de natureza pragmática e, polo tanto, produto da relación entre o signo e a comunidade lingüística que o emprega, sendo activado de maneira inconsciente a partir da evocación do signo.

Figura 1. A unidade léxica «abacaxi». Fonte: Elaborado polas autoras.



Para esclarecer mellor o funcionamento da CCP e as súas posibles implicacións na comprensión da lingua por parte dun falante non nativo, abordamos exemplos de situacións, nos moldes de Galisson (1988), a partir dunha mostra do campo dos gastronomismos.

Segundo Seco (2024), os gastronomismos son substantivos pertencentes ao campo léxico-semántico dos alimentos; é dicir, considéranse gastronomismos todos os nomes de alimentos, sexan líquidos ou sólidos, como *linguiça* (salchicha), *banana*, *farinha* (fariña), *caldo* e *sopa*; naturais ou procesados, como *quiabo* (tipo de vexetal tropical con vainas verdes, alongadas e cónicas), *abobrinha* (cabaciña), *presunto* (xamón), *bolo* (pastel) etc. Inclúense tamén os nomes de animais que aparecen xunto a verbos relacionados coa alimentación, como *comer* ou *manger*, por exemplo: *comer sardinha e arrotar caviar* (comer sardiña e arrotar caviar), *manger de la vache enragée* (comer vaca tola).

Tratar das CCP transmitidas nos e polos gastronomismos resulta pertinente, xa que, ao formaren parte dun acto imprescindible como o de alimentarse, os individuos conciben prácticas e atribúen significados a aquilo que incorporan, facendo que os alimentos transcendan o seu papel básico de nutrición e se convertan en depositarios e transmisores de cultura e prácticas culturais (Maciel, 2001). Por conseguinte, para comprender o papel das CCP, achegamos, a continuación, algúns exemplos representativos do traballo de Seco (2017, 2024), que aborda gastronomismos en portugués e en francés.

Observemos os gastronomismos *abacaxi* (ananás) en PB e *vache enragée* (vaca tola) en FF. Cando un falante brasileiro evoca a UL *abacaxi*, dependendo do contexto, mobilizará o seu significado de ‘froitto carnoso e comestible desa planta’ ou a súa CCP de «problema», relacionada co aspecto espiñento e de difícil manipulación da froita. Este falante probablemente non terá dificultade en activar a CCP de *abacaxi* ao escoitar algo como: «*Hoje estou cheio de abacaxi pra resolver*» (‘Hoxe estou cheo de ananás que resolver’), entendendo que o seu interlocutor ten diversos problemas por solucionar. Un nativo de lingua francesa, pola súa banda, moi probablemente non comprendería esa idea, pois non comparte o mesmo feito cultural ca o falante brasileiro, ou polo menos non o interpretaría dese xeito a partir do *abacaxi* como referente.

En contrapartida, na cultura francesa, a simple mención da locución *vache enragée* leva os falantes nativos a pensaren no seu significado de ‘vaca acometida pola rabia (doenza infecciosa causada por un virus)’, mais tamén na súa CCP de «vida de miseria». Esta connotación remite ao período en que a poboación máis pobre do país, sen ter que comer, se alimentaba de carnes bovinas descartadas por seren inadecuadas para o consumo. En situación análoga á do ananás, a CCP da expresión non sería comprendida por un nativo brasileiro, por descoñecer a súa inferencia no interior da cultura francesa.

Galisson (1988) aborda tamén casos de signos correspondentes entre dúas ou máis linguas, mais que non presentan a mesma CCP. Este tipo de ocorrencia pode representar unha situación aínda máis complexa, podendo levar á falsa comprensión dunha unidade léxica, ademais de provocar malentendidos na comunicación entre persoas estranxeiras. Isto pode ocorrer porque, ao comprender un signo, o falante non nativo cre comprender a súa referencia cultural, mobilizada e interpretada a partir da súa propia cultura.

A UL *cachorro* ilustra ben esta situación cando se consideran, por exemplo, culturas distintas como as de Brasil, Francia, Nepal e China. Nos catro países, a unidade léxica comparte o mesmo significado de ‘animal mamífero da familia dos cánidos’. Porén, cando analizamos a súa CCP, no Brasil e en Francia o can é concibido como animal de compañía, criado e respectado como «o mellor amigo do home». No Nepal, tamén asociado a un sentido positivo, o can é considerado sagrado, dispoñendo dun día do festival de Tihar dedicado especialmente á súa devoción. Con todo, nalgúns rexións da China, o animal é visto como fonte de alimentación e sustento, o que converte a UL nun gastronomismo. Así, malia compartiren o mesmo significado denotativo, Brasil, Francia, Nepal e China non comparten a mesma CCP con relación a esta UL. Por iso, salientamos a importancia dun estudo lexicocultural que permita comprender as alteridades en xogo nas linguas e nas culturas.

Presentamos a continuación unha proposta de análise das cargas culturais transmitidas nas e polas EIG, na que pretendemos: (i) investigar se un gastronomismo representa o mesmo valor nas culturas brasileira e francesa; (ii) observar as distintas imaxes que un gastronomismo pode evocar nunha cultura e non na outra; e (iii) analizar se o valor transmitido por un gastronomismo nunha das dúas linguas é reproducido pola segunda mediante un elemento diferente. Deste modo, preténdese tamén reflexionar sobre a singularidade do traballo de tradución que implican as EI e sobre como o coñecemento das CCP pode contribuír nese proceso.

4. Proposta de análise das dimensións da CCP nas expresións idiomáticas relacionadas cos gastronomismos

Parte dos fraseoloxismos, as EI son, de acordo con Xatara (1998, 2001), combinacións fixas (ou de variación moi restrinxida e determinada) e indescompoñibles de dúas ou máis unidades léxicas, que perden a súa significación individual e asumen unha significación global e metafórica, derivada das prácticas culturais de cada comunidade lingüística.

Tales estruturas cristalízanse na lingua debido á súa repetición frecuente por parte dos falantes, que as empregan cando non atopan, na lingua convencional, os elementos que precisan para expresar, en determinados contextos de enunciación, sutilezas do pensamento, matices de sentimento e emoción, ou para provocar efectos de sentido, como o irónico, o enfático etc.

A partir do que foi discutido na sección anterior respecto dos gastronomismos, a nosa proposta baséase na análise específica das expresións idiomáticas relacionadas con ese campo, as EIG, dado que a importancia, o valor cultural e simbólico e a presenza da alimentación no cotián revelan aspectos da experiencia, do carácter e dos trazos identitarios de cada pobo, concretándose na lingua.

Deste xeito, analizamos as EIG, que se configuran como unidades léxicas complexas, indescompoñibles, connotativas e cristalizadas, constituídas por, cando menos, un gastronomismo, como por exemplo *mamão com açúcar* (papaia con azucre), *encher linguiça* (encher salchicha), *viajar na maionese* (viaxar na maionese), *farinha do mesmo saco* (fariña do mesmo saco) etc.

Todas as EIG abordadas a continuación foron extraídas dos traballos de Seco (2017, 2024). Na investigación de 2017, a autora reuniu e analizou 111 EIG en PB e 100 posibles correspondentes en FF, organizándoas nunha base de datos denominada «Banco de datos de aspectos culturais de uma seleção de expressões idiomáticas relacionadas a gastronomismos» (Banco de datos de aspectos culturais dunha selección de expresións idiomáticas relacionadas con gastronomismos) (BD-CULTEIG). Posteriormente, no estudo de 2024, foron numeradas e estudadas 251 EIG en FF e 232 posibles correspondentes en PB, tamén incorporadas no BD-CULTEIG.

Antes de presentar a proposta, cómpre salientar que, independentemente da perspectiva adoptada, para que o concepto de CCP sexa aplicado a unha unidade léxica, sexa simple ou complexa, como as EI, esta debe presentar, segundo Barbosa (2008/2009), características como:

- a) ser obrigatoriamente compartida por unha comunidade lingüística;
- b) xurdir da relación entre signos e usuarios;
- c) proceder da subxectividade dos individuos, que interpretan as situacións segundo o seu entendemento do mundo;
- d) pertencer ao ámbito da pragmática, posto que está directamente relacionada co uso que se fai dunha unidade léxica;
- e) xerar un complemento ao significado; e
- f) resultar da asociación automática entre unidade léxica e CCP, abondando a súa simple mención para iso.

Con base nestas consideracións, a nosa proposta de análise das CCP contidas e transmitidas polas EI,¹⁰ en contraste entre dúas ou máis linguas, parte dunha observación centrada, nun primeiro momento, nas estruturas destas construcións. As posibles diferenzas léxico-sintácticas remiten a prácticas culturais particulares das linguas en cuestión e permiten deducir as CCP transmitidas nesas estruturas.

Deste xeito, ao analizar o conxunto de EI correspondentes do BD-CULTEIG, puidemos establecer tres situacións xerais:

- (1) semellanza de correspondencia entre as EI;
- (2) semellanza de correspondencia parcial entre as EI; e
- (3) non correspondencia idiomática.

Discorremos sobre cada un destes casos nas subseccións seguintes.

